

MATERIA  
Lingua Galega 2

TITULACIÓN

Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Filoloxía Clásica,  
Grao en Linguas e Literaturas Modernas, Grao en Lingua e  
Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas

unidade  
didáctica  
4

# Introdución á sociolingüística da lingua galega

Miguel Guisantes Alonso

Área de Filoloxías Galega e Portuguesa  
Departamento de Filoloxía Galega  
Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Humanidades



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Edicións USC

[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679420>

**MATERIA:** Lingua Galega 2

**TITULACIÓN:** Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Linguas e Literaturas Modernas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

### **Unidade I. Concepto e tipos de variación lingüística**

A lingua

A variación

### **Unidade II. Introdución á dialectoloxía da lingua galega**

Introdución á variación xeográfica na lingua galega

Os falares galegos occidentais

Os falares galegos centrais

Os falares galegos orientais

### **Unidade III. Introdución á historia da lingua e á gramática histórica galega**

Conceptos básicos

Formación da lingua galega

Galego medieval

Galego medio

Galego contemporáneo

### **Unidade IV. Introdución á sociolingüística da lingua galega**

Conceptualización e achega á disciplina

Historia sociolingüística da lingua galega

A situación actual: causas e consecuencias

Planificación lingüística: o modelo galego

### **Unidade V. Variación e estándar**

Lingua e variedade estándar

Estandarización da lingua galega



## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

### COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

### OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

### CONTIDOS

Conceptualización e achega á disciplina

Diglosia

Interposición

Historia sociolingüística do galego

A situación actual: causas e consecuencias

Cambios na sociedade galega

Planificación lingüística: o modelo galego

A Lei e o Plan xeral de normalización

Ensino e medios de comunicación

### ACTIVIDADE PROPOSTA

Recursos en liña

### AVALIACIÓN DA UNIDADE

### BIBLIOGRAFÍA



## PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica pertence á materia Lingua Galega 2, que se desenvolve no segundo cuadrimestre do primeiro curso de diversas titulacións da Facultade de Filoloxía. É obrigatoria (formación básica) para o alumnado do Grao en Lingua e Literatura Galegas e un dos módulos de linguas que se oferta para os restantes graos da Facultade: Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Linguas e Literaturas Modernas e Grao en Lingua e Literatura Inglesas.


A materia é continuación de Lingua Galega 1, que se desenvolve no cuadrimestre xustamente anterior e na que se desenvolven os contidos introdutorios ás disciplinas gramaticais de morfoloxía, sintaxe e fonética.

A carga lectiva de Lingua Galega 2 é de 6 ECTS o que equivale a 150 horas totais, das cales corresponden 99 delas ó traballo autónomo do alumnado, 24 a clases interactivas, 24 a clases expositivas e 3 a horas de titorías co profesorado. A esta unidade corresponden unha docencia de tres horas interactivas e outras tres expositivas.

Lingua Galega 2 ten como finalidade que o alumnado matriculado adquira os coñecementos básicos técnicos e activos da gramática da lingua galega, tanto na súa vertente sincrónica como diacrónica e que sexa quen de recoñecer as variedades internas da lingua galega tanto temporais como espaciais, sociais e situacionais.

A materia está conformada por cinco módulos como podemos ver na Figura 1 dos que aquí desenvolvemos unicamente o cuarto deles como achega á sociolingüística galega.

Figura 1



Programación docente da materia Lingua Galega 2

Como dixemos anteriormente, esta unidade imparte os contidos sobre a variación lingüística (cronolóxica, xeográfica, social e diamésica) asentada nas bases introdutorias á gramática galega impartidas na precedente Lingua Galega 1. Constitúe á súa vez unha introdución á materia de Historia da lingua galega, integrada no módulo Introdución ó estudo da lingua e literatura galegas, que se imparte no 2º curso, e tamén para as do módulo de Lingüística Galega, como Dialectoloxía galega (2º curso) e Sociolingüística galega (3º curso). Aínda que a análise da variación atinxe todos os planos da lingua, esta materia está relacionada máis estreitamente coa de Lingua galega oral, escrita e estándar (3º curso), do módulo de Variación, cambio lingüístico e metodoloxía e mais con Léxico e terminoloxía do galego, do módulo de Gramática galega (4º curso), no que toca á estandarización.

Desta forma, prepara ó alumnado do Grao en Lingua e Literatura Galegas para as materias posteriores mais tamén ó resto das titulacións á hora de reforzar e fixar varios dos procedementos filolóxicos comúns como poden ser os comentarios de textos, as lecturas críticas ou os traballos de campo, entre outros, que serán dunha grande utilidade durante toda a titulación. Asemade, pode resultar de utilidade para o profesorado que imparte docencia nos cursos posteriores, nas materias obrigatorias e optativas da área de Filoloxías Galega e Portuguesa, posto que permite un coñecemento máis detallado dos contidos abordados nesta materia e das actividades que se realizan. Deste xeito, pode servir como instrumento de coordinación entre as materias da área e da titulación, contribuíndo así a unha formación máis integral do alumnado e evitando o solapamento de contidos.

## COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

---

A materia Lingua Galega 2, impartida no primeiro curso dos Graos da Facultade de Filoloxía, constitúe unha primeira aproximación á variación interna da lingua galega. Así, os obxectivos da materia ós que contribúe esta unidade didáctica son os seguintes:

- **obxectivo xeral 1:** adquirir os coñecementos básicos sobre a situación actual da lingua, tanto no que toca á súa diversidade xeográfica coma á súa situación social.
- **obxectivo xeral 2:** reflexionar sobre os aspectos sociais e políticos da construción dos estándares lingüísticos e comprender o proceso de estandarización da lingua galega.

As competencias xerais da titulación ás que contribúe esta proposta didáctica son as seguintes:

- **competencia xeral 1:** capacidade de abstracción, síntese e análise, ó extraer xeneralizacións a partir da descrición dos datos.
- **competencia xeral 2:** dominio da expresión oral e escrita, en galego e noutras linguas, en distintos contextos.
- **competencia xeral 3:** habilidade para traballar en colaboración e en contextos multiculturais e multilingües.

En segundo lugar, as competencias básicas da materia que se desenvolven na presente unidade son:

- **competencia básica 1:** ser de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- **competencia básica 2:** poder transmitir información, ideas, problemas e solucións ó público tanto especializado como non especializado.

En terceiro lugar, as competencias específicas que desenvolverá esta unidade son as seguintes:

- **competencia específica 1:** manexar con habilidade as novas tecnoloxías que facilitan o estudo da lingua e a literatura galegas.
- **competencia específica 2:** empregar ferramentas de busca de recursos bibliográficos para o estudo da lingua galega e manexar as fontes documentais e bibliográficas propias da literatura.
- **competencia específica 3:** desenvolver a competencia comunicativa.

Por último, para superar esta unidade o alumnado deberá acadar os seguintes logros de aprendizaxe:

- **logro de aprendizaxe 1:** coñecer e definir as características básicas da sociolingüística, así como os termos básicos da disciplina.
- **logro de aprendizaxe 2:** saber explicar a historia sociolingüística da lingua galega e os seus períodos e identificar causas e consecuencias.
- **logro de aprendizaxe 3:** explicar de forma crítica o modelo lingüístico actual.
- **logro de aprendizaxe 4:** ser consciente da situación da lingua galega, dos usos e das competencias lingüísticas na actualidade.

## OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

---

Tomamos como referencia o modelo do Espazo Europeo de Educación Superior, que esixiu unha reformulación completa da práctica docente nas titulacións universitarias, co abandono da práctica única de aula maxistral cunha proba escrita final cara a un modelo que engade un maior grao de contidos prácticos.

Así, agréganse horas de clase interactivas, mantendo á súa vez as exposicións do profesorado, coa proporción entre elas que se adecúe ó tipo de materia e nas que a cualificación xa non é unicamente unha proba escrita final senón que tamén se ten en conta a participación activa e habitual nas aulas, a entrega de traballos ou outras actividades de avaliación de coñecementos, procedementos e actitudes que desde o corpo docente se deseñen.

No caso da materia de Lingua Galega 2, a proporción entre as clases expositivas e interactivas é de 1:1. Desta forma, cada semana o alumnado terá 1,5h de cada unha das tipoloxías. Nas clases expositivas, o profesorado terá tempo para impartir os coñecementos teóricos que, nas clases interactivas, o alumnado, co/coa docente como guía, deberá aplicar estes coñecementos á resolución das diferentes tarefas propostas. Neste segundo caso, a disposición será en pequenos grupos coa intención

de xerar reflexións e debate no seo de cada un deles e, posteriormente, que este traballo poida ser exposto diante do grupo aula.

En relación coa temporalización, as unidades didácticas da materia comprenden entre dúas e tres semanas, segundo a a súa extensión. De acordo con esta distribución, a presente unidade ocupa 3 sesións expositivas e 3 sesións interactivas, que traducido serían 9 horas de docencia. No calendario, de facer o cálculo, e tendo en conta que a primeira das sesións é unha presentación da materia, estaríamos a comezar a comezar esta unidade na sesión 18 do curso, coa primeira sesión expositiva, e remataría coa sesión 23, a derradeira sesión interactiva da unidade.

Entre os recursos necesarios para a levar adiante esta proposta didáctica están, evidentemente, os propios contidos que engadimos no apartado deste mesmo nome, e que sempre son ampliables a partir da bibliografía que se recolle ó final da unidade dispoñible en aberto na Rede ou na Biblioteca da USC, ademais dos que podemos atopar no apartado de Recursos en liña. Precisaremos tamén de materiais informáticos como é un computador (con conexión a Internet) como tamén dun proxector ou unha pantalla de grandes dimensións para a empregar como axuda visual unha presentación á hora de acompañar os contidos nas aulas expositivas. Tamén empregaremos este mesmo recurso para a realización das exposicións do alumnado, no caso de que este teña preparado algún recurso deste tipo. En resumo, non precisamos de materiais nin de recursos que non sexan habituais nas aulas universitarias, o que facilita a consecución desta proposta didáctica.

## **CONTIDOS**

---

Os contidos que desenvolve esta proposta didáctica a partir do especificado na memoria de verificación do título para esta materia son os seguintes:

### **Conceptualización e achega á disciplina**

A lingüística estuda a lingua como sistema autónomo, como saber ou competencia. A sociolingüística podemos entendela como o estudo da lingua como feito social ou como o estudo da lingua en relación á sociedade. Se a lingüística estudaba a estrutura da linguaxe a sociolingüística céntrase na variación desta estrutura debida ó contexto, ós factores extralingüísticos.

Tamén podemos diferenciar dous niveis de concreción na disciplina. A microsociolingüística ten por ámbito de estudo a actuación lingüística concreta e particular como feito cotián. Estarían encadradas dentro desta rama tanto a análise do discurso como a análise do texto ou da conversa.

Por outra banda, ó estudo das grandes estruturas lingüístico-sociais (institucións, cidades, áreas, estados etc.) leva por nome macrosociolingüística. Dentro desta temos desde a análise teórica, como a descrición ou a aplicación destas teses que daría lugar á políticas lingüísticas e ós procesos de normalización lingüística, entre outros.



### ***Diglosia***

Ferguson (1959) definiu a diglosia como a existencia nunha mesma sociedade de dous sistemas lingüísticos, normalmente emparentados, sendo un deles (A: alto) o representante dunha variedade lingüística elaborada nun momento histórico anterior (ou pertencente a outra comunidade lingüística) e o outro (B: baixo) estando constituído por un conxunto de dialectos resultantes da deriva espontánea dos falares vernáculos.

Nesta concepción clásica hai unha asimetría na asignación das funcións en cada un dos códigos e un uso evidente de cada unha en distintos contextos. A situación de estabilidade histórica fai que se manteña xa que non é unha situación que xere conflito social.

As diferenzas entre elas serían, en primeiro lugar, que na asignación de funcións socio-comunicativas, A mantén unicamente as funcións altas e B só as funcións baixas. En segundo lugar, no grao de elaboración, A está cuidadosamente codificado e enriquecido mentres que en B é mínimo. En terceiro lugar, A acapara todo o prestixio por ter como propias e exclusivas as funcións altas mentres que B carece completamente de prestixio. Por último, A é unha lingua aprendida mentres que B é a lingua adquirida e materna da poboación.

Algúns exemplos serían o árabe coránico (A) fronte ó árabe popular (B) ou, durante a Alta Idade Media, o latín (A) e o galego (B).

A partir deste concepto clásico de diglosia (diglosia funcional), Fishman, Aracil e Ninyoles renovaron o concepto (diglosia social ou exodiglosia). Podemos definila como a existencia nunha mesma sociedade da coexistencia de dous sistemas lingüísticos ben diferenciados, un autóctono e outro alóctono, como consecuencia da intrusión nun determinado país dunhas clases dominantes alleas e/ou a subordinación dun grupo étnico-lingüístico a outro. A lingua allea ten o status A e a autóctona ten o status B.

Nesta segunda concepción existe unha asimetría na distribución nos distintos estratos sociais, cunha situación de inestabilidade na que existen constantes tirapuxas entre as dúas linguas e unha clara conflictividade.

As características definitorias de A e B na diglosia funcional mantéñense, agás na aprendizaxe, onde A é lingua materna do grupo social prestixioso e B é lingua materna do grupo social baixo. Son exemplos da diglosia social o galego actual ou as linguas indíxenas e o español en diversos lugares de latinoamérica.

Hai tres posibles situacións cara ás que pode evolucionar esta situación de diglosia conflictiva: o equilibrio bilingüe (que unicamente é posible de forma individual e imposible a nivel social), o suicidio (A substitúe a B) ou a normalización (recuperación de B en detrimento de A e chegada a unha situación de sociolingüismo social autóctono).

### ***Interposición***

Aracil (1983) introduce este termo para definir, en situacións de diglosia e linguas minorizadas, o proceso que se produce entre A e B polo cal A non só é unica-

mente vehicular e prioritaria, senón tamén intermedia nas súas relacións con outras linguas e culturas, co filtro e o control que isto supón.

No caso do galego, os conceptos que se importan doutras linguas (nomeadamente linguas de estado, mais non só) veñen filtradas pola lingua e a cultura castelás. Algúns exemplos desta práctica serían o estranxeirismo *football* que se adaptou ó castelán como *fútbol* e o galego tomou unha forma idéntica (fronte a *futebol* en portugués, *calcio* en italiano ou *football* en francés) ou *handball* que foi adaptado ó castelán como *balonmano* e o galego acomodouna como *balonmán* (fronte a *handebol* en portugués, *pallamano* en italiano ou *hand-ball* en francés).

### Historia sociolingüística do galego

Ata finais do século XI a escrita é practicamente única en latín e a lingua galega é oral. É durante este período no que podemos cualificar a súa situación de diglosia funcional. A partir dese momento, durante os séculos XII, XIII e XIV o galego asume todas as funcións comunicativas (documentación privada, administrativa, xudicial xunto cos ritos relixiosos e a literatura) e se define fronte ó latín e os outros romances.

A partir do século XIV prodúcese unha dialectalización da lingua galega que continuará ata os nosos días. O galego convértese nun satélite do castelán, mesmo acaba sendo considerado un dialecto del. As falas ó sur do Miño que quedaban fóra do influxo político do castelán asimílaranse a lingua elaborada nos centros de poder e culturais do Estado portugués (Lisboa e Coimbra). A partir de mediados do século XIX atopámonos diante dunha segunda emerxencia da lingua galega que tenta reverter o proceso de dialectalización.

Entre os séculos XVI e XIX podemos caracterizar os procesos diglósicos producidos en distintos ámbitos:

- **funcional:** o castelán adquire as funcións elevadas (escrita, cultura, poder, innovación, tecnoloxía etc.)
- **formal:** o castelán vaise elaborando como lingua culta (codificación) mentres que o galego queda relegado ós discursos informais das clases baixas e só comezará a súa estandarización a partir de 1980.
- **social:** entre os séculos XV e XVI o castelán é unicamente a lingua materna das clases sociais altas foráneas. Despois, entre os séculos XVI e XVII tamén o será das clases privilexiadas urbanas autóctonas (nobreza, letrados, exército etc.). Como consecuencia disto, o castelán será a lingua das clases altas e tamén a irán adoptando os novos grupos sociais emerxentes mentres que o galego será a lingua dos grupos sociais baixos. O galego manterá esta situación ata a segunda metade do século XX, onde a escola, o entorno urbano e a mobilidade social provocarán un bilingüismo masivo cun progresivo abandono do galego.
- **ideolóxico:** o castelán é considerada unha lingua de prestixio, do poder, da escola, do progreso, da cultura e a literatura, das clases altas mentres que o galego é a lingua da pobreza, do atraso, da incultura e das clases baixas. Isto ten como consecuencia o autoodio.

### A situación actual: causas e consecuencias

Podemos atopar varias causas que explican a situación sociolingüística actual da lingua galega. Un factor principal foi a perda de peso poboacional que tivo Galicia no Estado. Ademais, como podemos ler á Real Academia Galega (RAG) (2018) entre estes factores clave están tamén a desruralización do país, a súa terciarización e o avellentamento.

#### *Cambios na sociedade galega*

Existiu en Galicia no último século un crecemento moi feble da poboación (ver Figura 2) mentres a porcentaxe de Galicia no Estado español mingua (pasou de ser o 11,5 % en 1857 a un 5,69 % en 2021).

Figura 2

| Ano  | Habitantes | % Galicia / Estado español |
|------|------------|----------------------------|
| 1857 | 1 776 879  | 11,49 %                    |
| 1900 | 1 980 515  | 10,64 %                    |
| 1920 | 2 124 244  | 9,93 %                     |
| 1940 | 2 495 860  | 9,59 %                     |
| 1960 | 2 602 962  | 8,51 %                     |
| 1981 | 2 753 836  | 7,3 %                      |
| 2001 | 2 732 926  | 6,65 %                     |
| 2021 | 2 695 645  | 5,69 %                     |

Poboación de Galicia e comparativa coa poboación do Estado. Fonte: INE

Esta diminución no peso poboacional foi debida principalmente á forte emigración ata mediados dos anos 70 (ata 1960 cara a América e despois cara a Alemaña, Suíza, Francia ou o Reino Unido) pola situación de marxinalidade económica dentro do Estado.

Entre os factores que indica a RAG (2018) está a tardía transformación económica de Galicia (no ano 1950 o sector primario empregaba o 70 % da poboación fronte ó 6,6 % no 2015).

Así, a Galicia rural de pequenos núcleos de poboación ocupada no sector primario e que conservaba un alto emprego do galego oral foi esmorecendo e con ela a propia lingua. Os movementos poboacionais internos foron concentrando a poboación no eixe atlántico (máis urbano), cun abandono das provincias orientais (máis rurais) moi acusado.

Nos últimos anos, sumado a todo isto, Galicia, e o resto do Estado en menor medida, está inmersa nun proceso de mingua demográfica que, malia manter os números de poboación total, amosa un avellentamento moi elevado. Un exemplo

que se dá en RAG (2018:4) é que «[...] en 1985, cando os menores de 16 anos duplicaban os maiores de 65, en contraposición á situación actual [...] onde [...] é case a inversa».

Hai tres ámbitos de actuación na promoción dunha lingua (formación en competencias, extensión dos dominios de uso e sensibilización da poboación) e non se debería actuar nalgún deles esquecendo os outros. O primeiro, e no que máis se actuou, foi no de facer competente nesta lingua á sociedade na que pretendes a recuperación.

As competencias miden a capacidade dunha persoa para entender e empregar unha lingua de forma oral ou escrita (Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, CDSG, na súa Guía aberta á lingua galega, [LOIA.org](http://LOIA.org)). Así, a partir da oficialidade do galego, da obriga do seu ensino e doutras medidas normalizadoras, a sociedade galega foi aumentando as súas competencias lingüísticas na lingua propia<sup>1</sup> (Figura 3).

**Figura 3**

|                  | Falar   |         | Ler     |         | Escribir |         |
|------------------|---------|---------|---------|---------|----------|---------|
|                  | 1991    | 2013    | 1991    | 2013    | 1991     | 2013    |
| Menos de 14 anos | 83,67 % | 77,3 %  | 56,67 % | 84,77 % | 50,0 %   | 73,08 % |
| De 15 a 29 anos  | 91,17 % | 88,17 % | 48,07 % | 95,09 % | 53,84 %  | 88,87 % |
| De 30 a 50 anos  | 92,36 % | 86,25 % | 51,40 % | 92,17 % | 30,34 %  | 76,26 % |
| De 51 a 65 anos  | 94,62 % | 86,19 % | 38,83 % | 85,25 % | 20,07 %  | 44,52 % |
| Máis de 65 anos  | 94,46 % | 91,12 % | 26,95 % | 65,53 % | 13,09 %  | 21,26 % |

Evolución das competencias lingüísticas en galego 1991-2013.

Fonte: de 1991, Lorenzo (2005) e de 2013, IGE (elaboración propia). Nota: Para o ano 2013, a competencia enténdese adquirida nas respostas de moito e bastante.

Podemos ver que o aumento das competencias en lingua galega (da que quedou fóra do cadro o parámetro entender xa que se sitúa de forma estable por riba do 95 % co paso do tempo) non logra compensar a gran causa no afundimento de número de falantes que é a rotura da transmisión interxeracional e fai imposible, coas políticas actuais (que trataremos na epígrafe próxima), o afastamento ó declive no uso da lingua galega.

Malia todo, Anxo Lorenzo (2005: 13) resumía así a situación en relación con este aumento de competencias:

[...] forma parte da vertente máis positiva destes vinte [xa corenta] anos de intervención lingüística institucional. Encontramos, porén, aspectos menos positivos

<sup>1</sup> É importante remarcar que todas as competencias son autopercibidas. Isto é, as persoas enquisadas responden a partir da percepción da competencia propia e non hai avaliación de ningún tipo sobre a veracidade da súa resposta.

nalgúns aspectos da evolución sociolingüística da sociedade contemporánea. A perda de falantes habituais en galego, a redución da presenza da lingua nos usos informais e a continua caída da porcentaxe de individuos que reciben o galego como primeira variedade no proceso de socialización primaria lévanos a observar deficiencias ou limitacións no alcance política lingüística institucional no tocante aos mecanismos e aos axentes da transmisión lingüística primaria e sobre o mantemento, a recuperación ou o cambio, dependendo dos casos, dos usos lingüísticos interpersoais e privados e sobre a lingua habitual.

Podemos observar no seguinte cadro (Figura 4) a lingua habitual por idades no ano 2018 e como a desgaleguización na etapa da segunda infancia até a adolescencia (de 5 a 14 anos) é extremadamente elevada, xa que a gran maioría desta poboación ten como lingua habitual o castelán. Tamén podemos ver que, segundo aumenta a idade, aumenta tamén o uso habitual do galego.

**Figura 4**

|                  | En galego | Máis galego | Máis castelán | En castelán |
|------------------|-----------|-------------|---------------|-------------|
| Menos de 14 anos | 14,27 %   | 11,85 %     | 29,75 %       | 44,13 %     |
| De 15 a 29 anos  | 18,94 %   | 18,45 %     | 30,75 %       | 31,86 %     |
| De 30 a 50 anos  | 23,66 %   | 20,64 %     | 28,25 %       | 27,45 %     |
| De 51 a 65 anos  | 32,78 %   | 25,35 %     | 21,51 %       | 20,36 %     |
| Máis de 65 anos  | 48,48 %   | 24,91 %     | 12,96 %       | 13,65 %     |

Lingua habitual segundo a idade (2018). Fonte: IGE

O terceiro dos focos prioritarios na promoción dunha lingua minorizada é a actitude que os e as falantes, ou potenciais falantes, teñen con respecto a ela. Estas son as opinións, ideas ou prexuízos que as persoas teñen con respecto a unha lingua (CDSG, en liña). Así, a promoción do uso e a formación en competencias sen a actuación neste ámbito é, na meirande parte dos casos, inútil. Se quen está en capacidade de usala e ten competencias suficientes non ve utilidade ou motivacións para a empregar non será posible o proceso normalizador.

Os datos publicados no *Mapa sociolingüístico de Galicia* (2011), no volume terceiro dedicado as actitudes, conclúen que as persoas enquisadas teñen maioritariamente actitudes favorables cara a lingua malia non haber en moitos casos correspondencia co seu uso. Tamén, no ámbito máis estudado, a mocidade, seguramente por ser tamén o máis castelanizado e o futuro social da lingua, o CDSG (en liña) di o seguinte con respecto ás súas actitudes:

Hai unha actitude que se mostra en liñas xerais favorable ao galego, mesmo entre os/as castelanfalantes, que manifestan solidariedade co galego e un aprecio favorable respecto ao seu status. Tamén coexiste entre a mocidade falante de galego tradicional unha defensa da autenticidade e da lexitimidade da súa lingua. Con todo, aínda segue a haber certos prexuízos sobre o idioma galego.

Ademais, engade, que malia existir persoas con prexuízos e ideas contrarias á lingua, estas son minoritarias e están moi ligadas á mocidade castelanfalante que non ven utilidade no seu ensino e o cualifican como atranco: «É un discurso en que o galego non debe supoñer obrigas e no que só o castelán ten ese privilexio.»

### Planificación lingüística: o modelo galego

Coa chegada da democracia e a aprobación do Estatuto de Autonomía (1981) recoñeceu-se a oficialidade da lingua galega. Posteriormente, coa aprobación por unanimidade da Lei de normalización lingüística (LNL) en 1983, Galicia foi subindo chanzos na promoción do idioma, mais non sen eivas: este texto estaba dirixido a uns ámbitos moi concretos como foron o ensino, a administración e os medios de comunicación públicos, onde non de forma casual podemos atopar na actualidade un nivel de uso da lingua propia moi elevado.

Inda así, para todo o que quedaba fóra deste desta Lei, o Goberno autonómico escolleu desde un primeiro momento unha política lingüística «de baixa intensidade», como a cualificou Anxo Lorenzo (2005: 8), «polo seu carácter morno e a súa escasa densidade e diversificación. [...] Un facer sen molestar, que equivaleu segundo os casos a non facer».

Así, a administración autonómica asumiu na práctica totalidade dos gobernos o mantra do «bilingüismo harmónico»<sup>2</sup> que prescindía do pasado histórico da lingua, obviaba o proceso desgaleguizador institucional do século XX e que aceptaba que o estado actual era o principio e o final dos seus obxectivos deixando no individuo a responsabilidade do uso e da transmisión da lingua (Lorenzo 2005).

### *A Lei e o Plan xeral de normalización*

A LNL é a norma de carácter lingüístico máis importante do país e desenvolve o Estatuto de dous anos antes. Caracterízase pola súa brevidade (ten unicamente 25 artigos) e establece, entre outras cousas, o galego como lingua propia e o dereito da sociedade galega de usar o galego<sup>3</sup> no seu Título I. O Título II está centrado no uso da lingua coa Administración e tamén establece a toponimia como unicamente oficial en galego. No Título III establécese o uso do galego no ensino, mais derivándoo

<sup>2</sup> O bilingüismo harmónico foi o nome que Manuel Regueiro Tenreiro acuñou e que explica no seu artigo «Bilingüismo harmónico: modelo social posible» (1999) e se popularizou para designar o modelo de política lingüística proposto pola Xunta de Galicia. Partía da premisa de que tanto galego como español eran linguas de status e uso pleno (unha por propia e a outra por lingua habitual dunha parte importante da poboación) e que isto debía marcar as actividades de promoción do galego, que non podían interferir na vitalidade do castelán nin afectar a ese hipotético equilibrio sociolingüístico (Lorenzo 2008: 135).

<sup>3</sup> A sentenza 84/1986 do Tribunal Constitucional declarou inconstitucional o «deber de coñecelo» do artigo 1, como si obriga a Constitución española co castelán a toda a cidadanía do Estado.

a unha regulación de nivel inferior, mais sinalando que non se poderá segregar ó alumnado por lingua en distintos centros ou que a lingua galega é unha materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios. Nos Títulos IV, V e VI establécese a lingua galega como prioritaria nos medios públicos e o apoio da Xunta de Galicia ós medios non públicos que empreguen a lingua propia, así como ás industrias culturais en galego; a protección da lingua galega fóra da Comunidade autónoma de Galicia, tanto nas falas limítrofes como na emigración e os deberes en canto á función normalizadora tanto da propia Xunta de Galicia como das Administracións locais. Por último, tamén esta Lei confire á Real Academia Galega a autoridade con respecto á normativa oficial.

Desde a aprobación da LNL no ano 1983 tiveron que pasar 20 anos ata a aprobación, tamén por unanimidade na Cámara galega, do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) en 2004. Este documento foi conferido como un gran eixe planificador multisectorial que recollía, a partir da realidade galega dese momento, obxectivos xerais, específicos, puntos fortes e febles para sectores transversais (dereitos lingüísticos, tecnoloxías e implementación de corpus) e para sete ámbitos sociais (administración, educación, familia e mocidade, economía, sanidade, sociedade e proxección exterior da lingua) con máis de 400 medidas que pretendían garantir á cidadanía a posibilidade de vivir en galego plenamente.

### ***Ensino e medios de comunicación***

As competencias na lingua propia son fundamentais para a proceso normalizador e a supervivencia da lingua. Así, despois da aprobación do PXNLG (e froito do cambio político no Goberno autonómico) foi promulgado o Decreto 124/2007 polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Este tomaba como base as medidas propostas polo PXNLG e establecía unha cota mínima do 50 % da docencia no ensino medio en galego, coas materias científicas e tecnolóxicas sempre nesta lingua. Á súa vez, este decreto promovía a lingua galega na etapa de infantil.

Ó mudar de novo a cor política no Goberno galego, e despois dunha campaña mediática a nivel estatal contra a normalización da lingua e empregando a liberdade como argumento, este decreto foi derogado e aprobouse o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que impuxo un 33 % de máximo ó galego, conferindo outro 33 % ó castelán e a mesma porcentaxe ó inglés no ensino secundario. Á vez, prohibía impartir materias científicas, como as matemáticas, en lingua galega e borraba o termo normalización para renovalo como dinamización. Tamén, na educación primaria e infantil transfería ás familias a capacidade de escolla das linguas a través dunha enquisa. Este decreto foi respondido fortemente polos axentes sociais e levado ante os tribunais por, entre outros, a RAG. Os distintos tribunais recortaron moi lixeiramente a norma por exemplo o apartado das enquisas, no que indicaban que a Administración non pode delegar na cidadanía esta elección. Innda así, por erros formais nos recursos, a Academia non logrou o seu obxectivo ante o Decreto do ensino máis lesivo para a lingua galega e este continúa en vigor.

O outro punto de promoción da lingua de forma institucional e ininterrompido foi o dos medios de comunicación públicos. Así, a Corporación Radio e Televisión de Galicia naceu no ano 1984 e comezou as súas emisións o ano seguinte coa Televisión de Galicia e a Radio Galega como as primeiras canles audiovisual e radiofónica en emitir toda a súa programación en lingua galega. A Corporación ten nos seus estatutos a condición de servizo público e de promoción do idioma e a cultura galegas.

## ACTIVIDADE PROPOSTA

---

A partir da obra *55 mentiras sobre a lingua galega* (2009), de Xosé-Henrique Costas (coord.), o alumnado agrupado de cinco en cinco, aproximadamente, deberá escoller unha das mentiras e, previa comunicación da escolla ó profesorado para evitar que se repita, elaborar unha exposición ampliando a información que do libro podemos extraer.

Así, na primeira das sesións interactivas, a inmediatamente posterior á primeira expositiva, o alumnado traballará en grupos na elaboración da súa exposición. Para isto, o alumnado poderá empregar os seus propios equipos informáticos. O profesorado durante esta sesión terá a función de verificar que os temas non se solapen e de responder posibles dúbidas.

Na segunda sesión interactiva, o alumnado continuará traballando en grupo na súa exposición. O profesorado continuará a súa vez coa tarefa de supervisión, resolución de dúbidas e acompañamento na creación da exposición.

Na terceira das clases interactivas, e última da unidade, cada grupo exporá o seu traballo ó resto do grupo-aula con axuda dunha presentación dixital, se así o deciden, ou co método que escollan. O resto do alumnado poderá intervir ó rematar cada exposición para realizar preguntas, observacións ou debater sobre algunha das preguntas realizadas polos seus compañeiros e compañeiras.

## Recursos en liña

Na Rede podemos atopar varios recursos de recoñecida solvencia dos que tirar información tanto sociolingüística como relativa á política lingüística e á normalización da lingua galega para elaborar a actividade proposta nesta unidade didáctica. A continuación, engádense algúns deles:

- A Mesa pola normalización lingüística. <https://www.amesa.gal/>
- Asociación de medios en galego. <https://mediosengalego.gal/>
- Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia. <http://consellodacultura.gal/cdsg/>
- Kit para a normalización en rede. <http://kit.consellodacultura.gal/>
- Loia, Guía aberta á lingua galega. <http://consellodacultura.gal/cdsg/loia/>
- Observatorio da lingua galega. <https://www.observatoriodalingua.gal/gl/>
- O portal da lingua galega. <https://www.lingua.gal/portada>
- Publicacións do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/category/socio-linguistica>



## AVALIACIÓN DA UNIDADE

---

A avaliación da consecución dos logros de aprendizaxe que enumerábase ó inicio da unidade farase a partir da actividade proposta na epígrafe inmediatamente anterior a esta. Así, tanto na exposición grupal como na parte de preguntas e coloquio posterior a cada exposición, o alumnado deberá demostrar o seu dominio dos logros 1, 2, 3 e 4. Para a avaliación poderase empregar unha táboa de indicadores ou unha rúbrica que estará dispoñible previamente para o alumnado no que se especificarán máis polo miúdo os criterios de avaliación desenvolvidos a partir dos catro logros.

Como complemento a este traballo, os contidos da materia tamén poderán ser avaliados no exame final, que ten un peso preeminente na cualificación (entre o 60 % e o 75 %). Os traballos da aula, como o desta unidade, xunto coa participación e a asistencia (que é o 10 %) corresponderalle o resto da cualificación. Desta forma, a unidade didáctica actual ten un peso aproximado, entre a tarefa da aula e a pregunta na proba final de coñecementos, de entre un 15 e un 20 % da cualificación final.

## BIBLIOGRAFÍA

---

- ARACIL, Lluís V. (1983). *Dir la realitat*. Barcelona: Edicions Països Catalans.  
CDSG = CENTRO DE DOCUMENTACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA (CONSELLO DA CULTURA GALEGA). [Loia.org](http://loia.org), *Guía aberta á lingua galega* (recurso en liña) <http://consellodacultura.gal/cdsg/loia>
- COSTAS, Xosé-Henrique (coord.) (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega: Análise dos prexuízos máis comúns que difunden os inimigos do idioma*, Ames: Edicións Laiovento.
- FERGUSON, Charles A. (1959). «Diglossia.» *Word* 15.2: 325-340.
- LORENZO SUAREZ, Anxo M. (2008). «Algunhas claves para interpretar la situación sociolingüística actual de la lengua gallega.» en Academia Valenciana de la Llengua (ed.), *I Simposi Internacional sobre Situació i Perspectives del Plurilingüisme a Europa, Publicacions de l'Academia Valenciana de la Llengua*. <http://www.avl.gva.es/documents/31987/54305/PLURILING%C3%9CISME/6e7fec9d9-85e7-492b-8465-266b7a839cea>
- (2005). «Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego.» *Cadernos de Lingua* 27: 37-59. [http://alorenzo.webs.uvigo.es/Docs/Anxo\\_CadenosdeLingua\\_2005.pdf](http://alorenzo.webs.uvigo.es/Docs/Anxo_CadenosdeLingua_2005.pdf)
- MONTEAGUDO, Henrique, e Xaquín Loredó (eds.) (2016). *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://academia.gal/documents/10157/704901/Lingua+e+sociedade.pdf>
- RAG = REAL ACADEMIA GALEGA (2011). Sección de Lingua / Seminario de Sociolingüística (ed.). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. III: Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. [https://academia.gal/documents/10157/704901/Mapa+Sociolingüístico+vol\\_3.pdf](https://academia.gal/documents/10157/704901/Mapa+Sociolingüístico+vol_3.pdf)
- (2018). *Lingua e sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://academia.gal/documents/10157/704901/Lingua+e+sociedade+1992-2016>

REGUEIRO TENREIRO, Manuel (2003). «Bilingüismo harmónico: modelo social posible.» en Cabeza Pereiro, Carmen, Anxo Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.) *Comunidades e individuos bilingües: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo / Bilingual Communities and Individuals: Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism*. Vigo: Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo. <http://ssl.webs.uvigo.es/actas1997/06/Regueiro.pdf>





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

